



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ASISTENCIA PLENO 240513:

Presidente:

Don José Muíño Domínguez

Concelleiros:

Don Carlos Allo Cundíns
Dona Sheila Recarey Varela
Dona Begoña Torrado Lema
Dona Sandra Méndez Blanco
Don Borja Andrade Montes
Dona Sandra Redondo Fernández
Dona Tatiana Rellán Castro

Ausencias:

Don Marcos Lois Costa
Dona Sonia Sande Lista
Dona Alba Villar López

Secretaría:

Dona María Garrote López

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO TRECE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO(240513)

No Concello de Cabana de Bergantiños, o trece de maio de dous mil vinte e catro, ás nove horas e tres minutos, reuníronse no salón de sesións habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde don José Muíño Domínguez, coa asistencia secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión **extraordinaria** do Pleno, en base a Orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

O alcalde excusa a ausencia dos relacionados a marxe.

A señora secretaria verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na Orde do día.

Primeiro.- Nomeamento dos membros das

mesas electorais para as eleccións de deputados e deputadas ó parlamento europeo do 9 de xuño de 2024

Ao abeiro do artigo 26 da Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral, o Pleno do Concello procede a formar as mesas electorais correspondentes as eleccións ó Parlamento Europeo que se desenvolverán o vindeiro día 9 de xuño.

Comeza o sorteo a través da aplicación de IDA-CELEC do INE.

Por unanimidade dos presentes o Pleno acorda:

Primeiro: Aprobar o sorteo realizado para os cargos e persoas que formarán as mesas electorais.

Segundo: Respecto a citada lista pode ocorrer que, por causa xustificada e documentada, algún dos relacionados non poida aceptar o cargo que o Concello lle asignou. Para o caso de que a Xunta Electoral acepte a excusa o Pleno decide establecer a maiores una lista de substitución.

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde da por terminado o acto, as nove horas e trinta e nove minutos do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor alcalde.